




DÍA DAS LETRAS GALEGAS NO CEIP A MAÍA EN EDUCACIÓN INFANTIL

Como ben sabedes, este curso adicamos o Día das Letras Galegas a escritora Luísa Villalta.

A súa obra, non é moi axeitada para o alumnado de Educación Infantil polo que preferimos indagar na súa vida gracias ao artigo que lle adicou a Real Academia Galega.

Neste artigo saía publicada una fotografía da autora nos seus tempos de bebé aloumiñada polos brazos de súa nai e acompañada do texto ***“A nena que aínda teño que chegar a ser”***.



Pois partindo desta base, enviamos un abalar a tódalas familias de infantil pedíndolles unha fotografía dun momento similar. A resposta foi moi

satisfactoria, temos un mural precioso cheo de momentos maravillosos nos que o alumnado desfruta identificándose no colo das súas nais e algún pai, que tamén temos, e ensinando a súa foto ao resto dos compañeiros e compañeiras.

